



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

INTRODUCCIÓN

Do mesmo xeito que ocorre con outras asignaturas relacionadas co clarinete tamén é esta unha asignatura de nova creación, reproducimos polo tanto a breve descrición dos contidos reflexados no Decreto 183/ 2001, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto de 2001) que é a seguinte: "Estudio diacrónico dos rasgos estilísticos e criterios interpretativos das diferentes épocas e autores, en relación co instrumento principal".

Seguindo as instrucións propostas neste mesmo decreto a asignatura impartirase durante o terceiro e o cuarto curso do grao superior, con 4,5 créditos anuais que se traducen en clases dunha hora e media semanal. Secuenciarémo-los contidos en dous grandes bloques: o primeiro bloque comprenderá o repertorio desde o barroco ata 1894 (Sonatas nº 1 e nº 2 op. 120 de J. Brahms) e corresponderá ó primeiro curso, o segundo bloque abarcará o repertorio desde ese mesmo momento ata os nosos días, e corresponderá ó segundo curso.

Trataremos de asentar uns coñecementos tomando como base de traballo partituras e textos teóricos recollidos nos tratados e métodos, tanto antigos como contemporáneos, e tamén escoitando gravacións con instrumentos orixinais e modernos.

Poñeremos en práctica esta base teórica interpretando partituras pouco habituais nos plans de estudos do instrumento principal ou da asignatura de música de cámara. Enfocarémo-lo traballo en tres direccións: repertorio solista, de cámara e repertorio orquestral en cada unha das épocas.

Neste caso os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e recursos serán comúns ós dous cursos. Dada a relación existente coa asignatura de Historia das Escolas daremoslle un enfoque diferente ós contidos comúns de ámbalas dúas asignaturas.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

**CURSOS 1º e 2º
CONTIDOS**

- Análise e interpretación do repertorio proposto.
- Práctica das convencións interpretativas propias de cada época.
- Lectura a primeira vista.
- Coñecemento do repertorio solista, de cámara e orquestral.
- Planificación e realización de comentarios e traballos prácticos de aproximación histórica.
- Lectura e comentario de textos relacionados co clarinete.
- Estudio e posta en práctica das instrucións recollidas nos métodos para a ensinanza do clarinete dos séculos XVIII, XIX, e XX.
- Valoración cualitativa da función desempeñada polo clarinete nas diferentes formacións instrumentais.
- Audicións comparadas das obras máis importantes do repertorio dos séculos XVII, XVIII, XIX e XX interpretadas con instrumentos orixinais e/ou actuais.

OBXECTIVOS

Ó finalizar cada curso o alumno debe ser capaz de:

- Recoñece-las convencións interpretativas inherentes a cada estilo, sexa nunha partitura ou a través dunha gravación.
- Adquirir-lo hábito de escoitar e ler música do repertorio e interesarse por ampliar-las preferencias persoais.
- Coñece-las características da linguaxe musical, estilo, notación propios de cada época e valora-la relación directa coas posibilidades acústicas dos instrumentos pertencentes ás mesmas (tonalidade, intervállica, tipos de articulación, acentuación, ornamentación, uso das dinámicas, tesitura, efectos sonoros actuais ...).
- Realizar comentarios críticos a partir da audición e/ou da análise das obras propostas no curso.
- Realizar exames sobre os contidos expostos nas clases e traballos prácticos sobre algún aspecto determinado dos contidos da asignatura seguindo as instrucións dadas durante o curso académico



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

- Interpretar e analizar obras do repertorio dos séculos XVII, XVIII e XIX (**durante o primeiro curso**).
- Interpretar e analizar obras do repertorio do século XX (**durante o segundo curso**).
- Coñece-los textos de aprendizaxe utilizados nos séculos XVIII e XIX e analiza-las instrucións para o desenvolvemento da técnica contidos neles (**durante o primeiro curso**).
- Coñece-los textos de aprendizaxe utilizados no século XX e analiza-las instrucións para o desenvolvemento da técnica contidos neles (**durante o segundo curso**).
- Amplia-los recursos técnicos incorporando na práctica os efectos sonoros habituais nas obras do século XX (**durante o segundo curso**).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identificar a través da audición e/ou da análise da partitura, obras de diferentes épocas ou estilos e describi-las súas características principais. -Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para recoñece-las diferencias formais (esquema formal, tonalidade,...) e as posibilidades técnicas e expresivas dentro da evolución do repertorio clarinetístico-.

Aprecia-la evolución das formas musicais empregadas, das tonalidades e tesituras, dos recursos técnicos, etc. que se dan paralelamente ós cambios no deseño e construción do instrumento. -Este criterio pretende avalia-la comprensión do alumno para identifica-lo sincronismo que se produce entre o repertorio e a construción instrumental-.

Realizar exames escritos sobre os contidos impartidos nas clases (contarán o 60% da nota). -Este criterio pretende avaliar en qué medida son capaces os alumnos de proporse e realizar en termos aceptables un exame interiorizando e rentabilizando o tempo de estudio.

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

Realizar traballos sobre algún aspecto determinado dos contidos da asignatura seguindo as instrucións dictadas durante o curso (contarán o 40% da nota). -Este criterio pretende avaliar en qué medida son capaces os alumnos de proporse e realizar en termos aceptables traballos que os motiven a descubrir e coñecer algo máis da disciplina, sendo o importante a autenticidade e o rigor do estudio realizado evitando en todo momento plaxiar as fontes documentais-.

Interpretar as obras e/ou exercicios propostos en cada curso. -Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para poñer en práctica os aspectos teóricos traballados durante a audición e a análise do repertorio proposto-.

A nota final do curso será o resultado do cálculo da media aritmética das notas dos traballos e dos exames. Previamente a nota media dos traballos será ponderada ó 40 %, e a nota media dos exames feitos durante o curso será ponderada ó 60 %.

Os alumn@s que fagan uso da convocatoria de setembro deberán presenta-la totalidade dos traballos propostos durante o curso para poder realiza-lo exame sobre os contidos da asignatura.

Os alumn@s perderán o dereito á avaliación continua si as faltas de asistencia superan o 20 % do total das clases cada cuadrimestre.

RECURSOS

- Reproductores de DVD, CD, VHS, ordenador con acceso a internet, material habitual nunha aula de música e partituras de tódolos estilos a traballar
- Material audiovisual formado por exemplos variados da cada unha das grandes escolas clarinetísticas en diferentes formatos (DVDs, CDs, LPs, ...), gravacións históricas de principios do s.XX. Gravacións con instrumentos orixinais, gravacións de klezmer, de música folclórica e das distintas épocas do jazz.
- Vídeos ou DVDs relacionados cos contidos do curso.
- Partituras do repertorio traballado na materia.

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Birsak, Kurt: *The Clarinet, A Cultural History* (Buchloe: Druck und Verlag Obermayer GmbH, 1994).

Bok, Henri y Eugen Wendel: *New Techniques for the Bass Clarinet* (Paris: Editions Salabert, 1989).

Brown, Clive: *Classical and Romantic Performing Practice 1750-1900* (Oxford: Oxford University Press, 1999).

Brymer, Jack: *The Clarinet* (London: Kahn & Averill, 1990).

Dart, Thurston: *La Interpretación de la música* (Madrid: A. Machado Libros, 2002).

Farmer, Gerald: *Multiphonics and Other Contemporary Clarinet Techniques* (Rochester: Shall-u-mo Publications, 1982).

Ferron, Ernest: *The Clarinet Revealed: A Essay on the Clarinet* (International Music Diffusion, nº 397).

Gibson, O. Lee: *Clarinet Acoustics* (Bloomington: Indiana University Press, 1998).

Harnoncourt, Nikolaus: *El Diálogo Musical* (Barcelona: Paidós Ibérica, 2003).

Lawson, Colin: *The Chalumeau in the Eighteenth-Century Music* (Ann Arbor: UMI Research Press, 1981).

———: *Mozart Clarinet Concerto* (Cambridge: Cambridge University Press, 1996).

———: *Brahms Clarinet Quintet* (Cambridge: Cambridge University Press, 1998).

———: *The Early Clarinet: A Practical Guide* (Cambridge: Cambridge University Press, 2000).

Lawson, Colin (ed.): *The Cambridge Companion to the clarinet* (Cambridge: Cambridge University Press, 1995).



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

Lawson, Colin y Robin Stowell: *La Interpretación Histórica de la Música: una introducción* (Madrid: Alianza Editorial, 2005).

Lescat, Phillippe y Jean Saint-Arroman: *Méthodes et Traités 6. Série I. France 1600-1800* (Courlay: Ed. J. M. Fuzeau, 2000).

Newhill, J. P.: *The Basset-horn and its music* (Surrey: Michael Bryant, 1997) 2ª ed.

Pino, David: *The Clarinet and Clarinet Playing* (New York: Dover Publications Inc., 1998).

Pople, Anthony: *Messiaen* (Cambridge: Cambridge University Press, 1998).

Puwalski, Tom: *The Clarinetist's Guide to Klezmer* (Ellicott: Zephyr Publishing, s.a.).

R. Rice, Albert: *The Baroque Clarinet* (Oxford: Clarendon Press, 1992).

—————: *The Clarinet in the Classical Period* (New York: Oxford University Press, 2003).

Rehfeldt, Phillip: *New Directions for Clarinet* (Berkeley & Los Angeles: University of California Press, 1976) rev. 1994.

Ridenour, Thomas: *The Annotated Book of Altissimo Clarinet Fingerings* (Longwood: Tom's Clarinet Service, 1986).

Sadie, Stanley (John) y A. Jacobs : *The New Grove Dictionary of Music and Musicians* (London: Macmillan, 1980).

—————: *The New Grove Dictionary of Music and Musicians* (London: Macmillan, 1980).

Stein, Keith: *El Arte de Tocar el Clarinete* (Miami: Summy-Birchard Music Inc., 1999) (ed. en español).

Tranchefort, François R.: *Los Instrumentos Musicales del Mundo* (Madrid: Alianza Editorial, 1985).

Weston, Pamela: *Clarinet Virtuosi of the Past* (Suffolk: Panda Press, 1971).

—————: *More Clarinet Virtuosi of the Past* (Suffolk: Panda Press, 1977).



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

—————: *Clarinet Virtuosi of Today* (Hertfordshire: Egon Publishers Ltd., 1989).

—————: *Yesterday's Clarinetists: a sequel* (Yorkshire: Emerson Edition Ltd., 2002).

Zelinsky, Beate y David Smeyers: *PRO MUSICA NOVA Studies for Playing Contemporary Music for Clarinet* (Wiesbaden: Edition Breitkopf, 1996).